

**CELSO EMILIO FERREIRO**  
**Miro Villar**

**Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega co  
patrocinio da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo**



**XACOBEO 2010**  
**Galicia**

(Celanova, 1912- Vigo, 1979). Naceu e criouse no seo dunha familia de comerciantes e rendeiros de terras. Seu pai pertencera ás Irmandades da Fala, mais morre cando Celso tiña 16 anos, polo que non influíu na súa formación. Nela foron esenciais a nai, que lle ensinou a poesía de Curros Enríquez, lectura decisiva para a súa obra, e o colexio dos PP. Escolapios, que lle deron unha sólida cultura. Na mocidade esperta á creación literaria e ao compromiso político. Co seu amigo Xosé Velo funda a Federación das Mocidades Galeguistas (FMG), na que foi Secretario de Organización, alén de dirixir o *Guieiro. Outavoz patriótico da F.M.G.* Compartiu mitins con Bóveda, Castelao, Otero Pedrayo ou Risco, e foi procesado por un artigo de crítica a Gil Robles, que quedou sen efecto no 36 coa amnistía decretada por Azaña. Este vizoso activismo político e literario é interrompido polo alzamento fascista de xullo de 1936. En contra do seu ideario, vai ser mobilizado polo exército franquista e destinado á fronte de Asturias, rematando a guerra como radiotelegrafista. En 1937, de permiso en Celanova para ver a súa nai enferma, foi encarcerado catro días, pola acusación dunha muller de que andaba a criticar a represión falanxista. O gobernador militar de Ourense ordena que o fusilen, mais familiares e amigos conseguen a anulación da pena e que poida abandonar a prisión do mosteiro de San Rosendo. Desta terrible experiencia nacerían o poema inicial e o título de *Longa noite de pedra* (1962).

*O teito é de pedra.  
De pedra son os muros  
i as tebras.  
De pedra o chan  
i as reixas.  
As portas,  
as cadeas,  
o aire,  
as fenestras,  
as olladas,  
son de pedra.  
Os corazóns dos homes  
que ao lonxe espreitan,  
feitos están  
tamén  
de pedra.  
I eu, morrendo  
nesta longa noite  
de pedra.*

De volta a Asturias, ingresa por ferida leve no hospital de Luarca e coñece a M<sup>a</sup> Luísa Moraima Laredo Fernández. Escíbelle moitas cartas e versos hoxe desaparecidos e, en 1943, casa con Mora, como era coñecida por Celso. Rematada a guerra volve a Galiza e estuda por libre Dereito, que non remata. Cursa e conclúe Maxisterio, sen exercer, malia impartir a docencia privada na vila natal. En 1941, aínda solteiro, establécese en Pontevedra e traballa como secretario da Fiscalía de Taxas logo dunhas oposicións. Retoma a actividade cultural e literaria, pronuncia conferencias e participa da vida social, en faladoiros cos intelectuais da cidade. Colabora nas revistas *Mar*, *Guía Anuario de Pontevedra*, *Finisterre*, da que será redactor xefe, e *Sonata Gallega*. Escribe moito en castelán, até publicar o poema “Compostela”, asinado co pseudónimo Celso

de Cela, que é o primeiro texto en galego da posguerra. En 1948, colabora con Emilio Álvarez Negreira, Manuel Cuña Novás e Sabino Torres, na fundación da colección de poesía “Benito Soto”. Torres era o director de edicións e Álvarez Negreira secretario e director literario, mais desde o terceiro volume este foi o labor de Celso Emilio. Obtén o título de Procurador dos Tribunais e en 1950 instálase en Vigo para exercer. Funda unha oficina de seguros e dirixe un obradoiro de fotogravado, mais terá que pechar ambos. Colabora e fai parte do consello de redacción da revista *Alba* (1948-1956), subtitulada “Hojas de Poesía”. En 1954 acode a Santiago de Compostela para participar no Congreso Internacional de Poesía. Colabora en revistas como *Litoral* de Pontevedra ou *Papeles de Son Armadans*, que dirixía Camilo José Cela en Palma de Mallorca, e de forma continuada no *Faro de Vigo*, de 1950 a 1962, coa sección “La jaula de los pájaros raros”, escrita en castelán polas circunstancias e por motivos económicos. En 1959 acode con Iglesia Alvariño ás conversas poéticas de Formentor, organizadas por Cela, nas que coincide con Carles Riba, J. V. Foix, Gil de Biedma, Celaya, José Agustín Goytisolo, Carlos Barral ou José Hierro, e en 1961 participa nunha homenaxe a Cunqueiro en Lugo. Colabora coa revista *Vieiros*, editada en México por Luís Soto, Delgado Gurriarán e o cineasta Carlos Velo. A intensa actividade cultural galeguista desemboca no compromiso político e, logo de simpatizar co PCE, deriva o seu marxismo cara ao nacionalismo, participando na fundación da UPG o 25 de xullo de 1964, integrándose no seu primeiro Comité Central e colaborando no seu voceiro *Terra e Tempo*, que dirixirá. En 1966 a Irmandade Galega de Caracas convídao a dar unha conferencia e ofrécenlle ocupar a Secretaría de Cultura. Razóns económicas e persoais fan que decida emigrar con 54 anos. Organízase un xantar de homenaxe en Ourense, no que participan ou envían adhesións centos de persoas, moitas de Europa e de América. Léronse poemas e o acto converteuse nunha contestación ao réxime de Franco, cos intelectuais a apoiaren a loita dos labregos de Castrelo de Miño que viran expropiadas as terras para a construción dun encoro. En Caracas vai traballar na Secretaría da Hermandad Gallega, dirixindo a revista *Irmandade*, a Escola Castelao, o cine-clube e a emisión radiofónica semanal “Sempre en Galicia”. Funda a nacionalista Agrupación Nós no seo da entidade, que é derrotada nunhas eleccións pouco limpas. A dirección é ocupada polo sector máis reaccionario, que simpatizaba co réxime franquista. Afastado baixo a acusación de “comunista”, o poeta responde a carta de exclusión cunha breve nota e o soneto “O expulsado”. Realiza diversos traballos, como profesor dunha academia ou corrector de probas dunha editorial, mais algúns directivos pretenden que sexa expulsado do país, porén non o logran porque tiña o apoio de escritores e intelectuais venezolanos. Consegue traballo como corrector de estilo no gabinete de prensa do presidente democristián Rafael Caldera. En 1968 fúndase o Padroado da Cultura Galega, do que é nomeado secretario xeral. Renuncia e abandónao en xuño de 1969, xunto a outros galeguistas, por creren que só favorecía os intereses dos dirixentes. Pouco despois, o partido de Caldera perde as eleccións fronte ao socialdemócrata Carlos Andrés Pérez. Celso Emilio decide regresar en 1973 e establécese en Madrid, onde traballa como redactor de *Tribuna Médica* e colabora en varios xornais, como a sección “Escrito en gallego” do “Mirador Literario” do ABC, na que recensiona a poesía galega contemporánea. En 1975 é admitido como socio do Ateneo madrileño, asumindo axiña a dirección da Cátedra de Lingua e Literatura e desenvolvendo unha intensa promoción da literatura e cultura galegas. Malia que unha polémica sobre literaturas “rexionais” fai dimitir os representantes das outras

nacionalidades, Celso Emilio non o fai e deféndese apelando ao antifranquismo da entidade. Nos veráns pasa as vacacións en Vigo, publica poemas en revistas como *Nordés* e escribe prólogos para os libros dos amigos, como *Non agardei por ninguén* de Ramón Valenzuela. Volve á política no Movemento Socialista Galego (MSG) que axiña se vai integrar no PSG. Nas eleccións xerais de 1977, participa activamente na campaña, dando mitins ou recitando o *Romance eleitoral do cego de Trasmiras*, un folleto sen asinar da súa autoría no que a portada era un retrato seu que fixera o pintor ourensán Xosé Luís de Dios. Preséntase ao Senado pola provincia de Ourense na “Candidatura Democrática Galega”, co apoio de oito partidos, e non sae elixido por poucos votos. Afiliouse ao PSOE, seguindo a un grupo do PSG que pretende galeguizar ese partido. A morte sorprendeuno de repente, en Vigo, o día 31 de agosto de 1979. Dous días despois foi soterrado en Celanova, despedido polas palabras de Alonso Montero. Organízanse ducias de homenaxes entre as que destacan dúas multitudinarias en Santiago e Madrid, coa presenza de moitos intelectuais. En 1989, cando se cumprían dez anos da súa morte, a RAG dedícalle o Día das Letras e nese ano sucédense os estudos sobre a súa obra, quer en congresos quer en numerosas publicacións.

Encadrada na Xeración de 1936, a súa obra poética principia cando crea, xunto a Xosé Velo, un *Cartafol de poesía* (1935) que reciben duascenas persoas, autores a maioría. De cando en vez imprimen os seus poemas e envíanlles aos coleccionistas, mais non pasaron da ducia por mor da guerra civil. Conforman a súa “prehistoria poética”, pois na posguerra é onde se inicia realmente a súa traxectoria lírica. En 1941 publica en castelán *Al aire de tu vuelo. Poemas (1938-1940)*, título tirado de San Juan de la Cruz, que inclúe versos dedicados a Moraima. En 1947 ve a luz *Bailadas, cantigas y donaires*, en castelán, cun interesante prólogo de Fermín Bouza-Brey. Na altura xa rematara *O soño sulagado* e *Longa noite de pedra*, mais os orixinais agardaban tempos mellores para seren publicados. En 1951, xunto a Antonio Blanco Teixeiro, edita na colección Benito Soto o volume *Musa alemá*, unha escolma de poetas alemáns traducidos ao galego. En 1954 aparece o seu estudo *Curros Enríquez. Biografía*, escrito con datos recollidos oralmente do pai e da nai. Mais será 1955 un ano decisivo ao veren a luz dous novos libros. Primeiro *O sono sulagado* (posteriormente *O soño sulagado*), na colección viguesa “Alba”, co 8 de marzo como data do colofón, malia que en cuberta e portada figure 1954. Trátase do seu primeiro libro en galego e publícase cando tiña 42 anos, mais a súa composición é anterior. Tivo escaso eco polas circunstancias da época, malia Cunqueiro afirmar que era o seu libro máis fermoso. Consta de 31 poemas, de temática heteroxénea, que combinan unha voz confesional persoal e unha visión crítica da sociedade na que despois afondará. Reflicte a atmosfera do absurdo latente en Europa despois da segunda guerra mundial, pesimismo que se amosa na soidade e a impotencia do individuo fronte á historia, no desasosego, na perda da inocencia ou no derrubamento dos soños da mocidade.

#### ***Falaréivos de min***

*Falaréivos de min anque me doan  
as escuras raíces dos meus soños.  
Celso Emilio me chaman pero eu teño  
outros nomes máis irtos apuntados  
nun rexistro de ventos polifónicos  
cun fondo musical de frauta triste.*

*Meus nomes sin palabras. Mainamente,  
de par en par abertas sempre as portas,  
espallándome vou polos camiños  
co corazón aceso en cen abrentes,  
nas maus a luz, nos ollos margaridas,  
e unha piedá de río sin oreas.*

*Neno que fun e son, pésanme os anos  
cangados de minutos e de días,  
de beixos e de cárceres. Cadeas,  
lóstregos, vermes, homes en ringleira  
baixo a chuvia, isa frol nada no outono.*

*Lonxana primavera nunca volta,  
que nun intre vivín de pedra ou arbre,  
canle de Dios que cara o mar me leva,  
xílgaro azur, ronseles do pasado,  
feridas coma labres no remorso:*

*Andando vou, alporizado o corpo  
nun latexo sin fin que me agriloa.*

*Eisí me chamo eu. En fume escritos  
os meus nomes están. Vádeos dicindo  
cun fondo musical de frauta triste,  
de bágoas esbarradas  
petándome decote nas pupilas.  
Vádeos decindo en verbas pequeniñas  
coma coitelos fríos pola gorxa.*

*Non me chame ninguén por outros nomes,  
alcumes meus en fírgoas entrevistos,  
escura voz dun soño sulagado.*

Pouco despois sae en castelán *Voz y voto*, libro clandestino que fora impreso no prelo de Gráficas Númen, propiedade do fuxido Xoán Noya Gil, baixo un selo inexistente. Para evitar a censura, por mor do seu forte contido social, editor e poeta inventaron unha falsa Editorial Rex, de Montevideo, e unha colección “Papel de Estraza”. Boa parte dos textos eran versións casteláns de manuscritos en galego pertencentes a *Longa noite de pedra*. Este título, que confirma a Celso Emilio dentro e fóra de Galicia, publícase en 1962 na colección “Salnés” que fundan Emilio Álvarez Blázquez, Fernández del Riego e o propio poeta dentro da editorial Galaxia. Trátase dun libro no que home e voz lírica se confunden e que contén moitos textos civís, a maioría escritos nos primeiros anos da posguerra e algúns na guerra, que obviamente non puideran ser publicados antes. Tal foi a súa repercusión que o epígrafe aínda se utiliza hoxe para denominar o período franquista. Esgótase axiña e ten varias reedicións, moitos poemas serán citados, copiados, pasados de man en man, recitados e cantados polas Voces Ceibes da Nova Canción Galega.

***Deitado fronte ao mar...***

*Língo proletaria do meu pobo,  
eu fáloa porque sí, porque me gusta,  
porque me peta e quero e dame a gaña;  
porque me sai de dentro, alá do fondo*

*dunha tristura aceda que me abrangue  
ao ver tantos patufos desleigados,  
pequenos mequetrefes sin raíces  
que ao pór a garabata xa non saben  
afirmarse no amor dos devanceiros,  
falar a fala nai,  
a fala dos abós que temos mortos,  
e ser, co rostro erguido,  
mariñeiros, labregos do lingoaxe,  
remo i arado, proa e rella sempre.*

*Eu fáloa porque sí, porque me gusta  
e quero estar cos meus, coa xente miña,  
perto dos homes bos que sofren longo  
unha historia contada noutra língoa.*

*Non falo pra os soberbios,  
non falo pra os ruís e poderosos  
non falo pra os finchados,  
non falo pra os valeiros,  
non falo pra os estúpidos,  
que falo pra os que agoantan rexamente  
mentiras e inxusticias de cotío;  
pra os que súan e choran  
un pranto cotidián de volvoretas,  
de lume e vento sobre os ollos núos.  
Eu non podo arredar as miñas verbas  
de tódolos que sofren neste mundo.  
E tí vives no mundo, terra miña,  
berce da miña estirpe,  
Galicia, doce mágoa das Españas,  
deitada rente ao mar, ise camiño...*

No mesmo ano 1962 compón versos satíricos anónimos antifranquistas que circulan clandestinos, algúns aparecerán como recollidos do pobo nos *Canti della nuova resistenza spagnola*. En 1964 publicará en *Terra e tempo* varios textos baixo o título de “Cantigas da UPG”. Desde o seu desencanto perante a emigración escribe *Viaxe ao país dos ananos* (1968), que provocará unha forte polémica nos ámbitos culturais e nas comunidades do exterior por deitar unha ollada aceda e crítica sobre moitos galegos de alén mar. O libro apareceu na colección “El Bardo” de Barcelona en edición bilingüe, con limiar e versión castelá de Alonso Montero. A censura non autoriza a inclusión dos poemas “Anaina polo Che”, “Contribución ao Plan de Desenrolo” e “Proieuto final”.

### ***Digo Viet Nam e basta***

*Digo bomba de fósforo.  
Apenas digo nada.*

*Digo lombriga e larva  
de carne podrecida.*

*Digo nenos de nápalm,  
terror de noite e selva,*

*fedor de cidade e cloaca.*

*Fame, suor, aldraxe,  
pugas de aceiro, antropofaxia.*

*Digo guerra bestial,  
terror de terra, crime, lume, lava,  
estoupido, verdugo  
e mortandade en masa.  
Digo gas abafante.*

*Apenas digo nada.  
Digo yanqui invasor,  
depredador de patrias.*

*Digo plutonio, pentágono,  
esterco bursátil, palanca,  
Presidente, gadoupa,  
chuvia, amargura, baba.*

*Digo petróleo, ferro,  
mineral, trampa,  
lobo, caimán, polaris, cóbrega,  
miseria, diplomacia.  
Digo devastación que USA, usa.*

*Apenas digo nada.  
Digo Viet Nam i está xa dito todo  
cunha soia palabra.*

*Pra abranguer a vergonza do mundo,  
digo Viet Nam e basta.*

A vea satírica continúa en *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968), que aparece en Caracas baixo o pseudónimo de Arístides Silveira e no que satiriza aos ‘ananos’ da Hermandad Gallega. Os versos provocan un agre debate, pois críticoano con dureza Seoane e Fernández Ferreiro. Na revista *Chan* responde ás acusacións e tamén acode na súa defensa o seu prologuista e amigo Alonso Montero nunha *Autoescolha poética* aparecida en Portugal. En 1969 publica o seu libro *Terra de Ningures* na colección Val de Lemos, que dirixía Manuel María, no que os 16 poemas aparecen asinados e datados en distintas cidades americanas que coñecía e seis deles rematan glosando estrofas da súa literatura popular autóctona, conxugando a lírica da paisaxe co popularismo, nunha especie de reverso da *Viaxe*, con pegadas da poesía popular caribeña ou de poetas cultos como Ernesto Cardenal ou Pablo Neruda. En 1970 retoma a vea escarnina coa publicación dun romance de cego de longo título, *Paco Pixiñas. Historia dun desleigado contada por il mesmo. Romance de Arístides Silveira cun limiar tirado dos proverbios do Conde de Vimioso (o Vello) e un epílogo de Celso Emilio Ferreiro*, que apareceu nun cartapacio editado por Do Castro, debuxado por Isaac Díaz Pardo e ao que puxo música o compositor arxentino Maiztegui. Nese ano aparecen como separata na revista caraqueña *Expediente* os “13 poemas iracundos y una canción desesperada”, escritos en castelán, e gaña o primeiro premio dos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães na categoría de poesía, por “Dous poemas”, e na de contos, por “O sangue chegou ao río”. En 1971 recibe o premio Álamo en Salamanca

por *Antipoemas*, libro escrito orixinariamente en galego para Val de Lemos e que fora prohibido pola censura. Publícase un ano despois con dez poemas menos e o propio Celso Emilio edita en Caracas a separata *Poemas prohibidos* na que recolle os versos censurados. En 1972 aparece a súa única incursión narrativa, *A fronteira infinda*, colección de relatos breves con técnicas diexéticas que seguen métodos narrativos sudamericanos e nos que refire a súa experiencia americana. En 1973, en Xenebra, un grupo de galegos emigrados imprime co carimbo Edicións Roi Xordo un sarcástico libro de epitafios, *Cimenterio privado*, con prólogo de Luis Felipe Vivanco e un epi(log)tafio de Xosé Sesto. Nos versos ironiza e ridiculiza a diversas persoas ou estereotipos, ademais de ofrecer novamente unha visión pesimista da sociedade. Unha tentativa anterior de edición, co título *Epitafios*, non fora permitida polo Ministerio de Información y Turismo. Nese ano tamén publica, co pseudónimo Alexis Vainacova e no selo fantasma Edicións Piratas, *Os autentes* que leva como subtítulo *Novas cantigas de escaño, cun introito, sete gómitos e unha náusea final*. Pouco despois aparece en Venezuela baixo o selo Alén o romance de cego *Fóronse á puñeta*, asinado co pseudónimo Neskezas Cokhan Morde e que malia o título galego é unha sátira en castelán dirixida novamente contra os 'ananos'. Aínda no mesmo ano reedita en castelán a súa biografía de Curros Enríquez. En 1975 aparece o opúsculo *Al César enano*, con poemas en castelán contra Franco, compilados por Stow Kiwoto Lumen (outro pseudónimo) e aparecidos noutro selo fantasma chamado Ediciones El Caballo del Diablo. Nese ano tamén se publica o seu derradeiro poemario *Onde o mundo se chama Celanova*, (na 1ª edición *Onde o mundo chámase Celanova*) no que a voz lírica mestura poemas de amor con textos que amosan nostalxia pola terra e pola infancia perdida.

**Xaneiro 1972, II**

*Cando quero vivir  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando semento a espranza.  
Digo Moraima  
e ponse azul a alba.*

*Cando quero soñar  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a noite é pechada.  
Digo Moraima  
e ponse a luz en marcha.*

*Cando quero chorar  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a anguria me abafa.  
Digo Moraima  
e ponse a mar en calma.*

*Cando quero sorrir  
digo Moraima.  
Digo Moraima  
cando a mañá é crara.  
Digo Moraima*



*e ponse a tarde mansa.*

*Cando quero morrer  
non digo nada.  
E mátame o silencio  
de non decir Moraima.*

Traduce a obra poética completa de Curros Enríquez ao castelán e a editora madrileña Akal principia a compilar as súas propias *Obras Completas*. En 1975 saíron os dous primeiros volumes e o terceiro, que xa estaba preparado polo poeta malia publicarse póstumo, aparecerá en 1981. Tamén se reedita en 1975 *O soño sulagado* con variantes e un limiar que recolle xuízos críticos. Prepara *Celso Emilio Ferreiro. Antología*, autoversionando os poemas escollidos que introduce con “Algo así como un prólogo”. En 1978, na popular colección “O Moucho”, aparece *A taberna do Galo*, unhas memorias imaxinadas baseadas en moitos feitos que aconteceron realmente, que son a súa mellor autobiografía. O libriño era un capítulo das “Memorias de nunca” que non chegaría a rematar. Cando estaba a traballar na súa redacción, a preparar un libro sobre Xan da Cova e un poemario que se titularía “Dende aquí vexo o mar acolá en diante”, o día 31 de agosto de 1979, faleceu de repente en Vigo. Póstumo apareceu *O libro dos homenaxes* (1979), con 39 poemas entregados oito días antes a Alonso Montero, que se encargou da edición.

#### **Alexandre Bóveda**

*“Ya va a venir el día,  
ponte el alma”.*  
CÉSAR VALLEJO

*Ti convocache ó día dende a tebra,  
amigo morto polo ferro airado,  
cando chegou Caín, cando a pavura  
cubriu de noite ó pobo sin guieiros.*

*O día xa está a vir, poréime a alma,  
mais non me esqueceréi das horas torvas,  
cando o terror i o sangue, cando o medo,  
cando a treición vencéu, cando a carraxe,  
irmáu maor, sacrificado á sombra.*

*A nosa obriga é seguirche os pasos,  
mais por outros caminos que non leven  
ós bosques dos supricios,  
ás selvas dos coitelos afiados,  
sinon ás terras outas onde temos  
a casa vinculeira.*

*O día xa está pronto, alma qué agardas,  
faite bandeira, berra o teu dereito  
a ser estrela cando os tempos cheguen,  
cando as gaitas trunfás soen nas rúas,  
cando a irmandá, cando a ateigada artesa,  
cando os homes da terra señan río  
de libertá, cun gran cachón no meio,  
cando tódolos nenos de Galicia*

*seípan por qué mataron a Alexandre,  
esforzado Amadís, capitán noso.*

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Alonso Montero, X., *Celso Emilio Ferreiro (Estudio)*, Madrid, Ediciones Júcar, 1982.

Álvarez, R. (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, Santiago, Universidade de Santiago, II vols., 1992.

Álvarez Cáccamo, X.M<sup>a</sup>., "Introducción, notas e comentarios" en Ferreiro, C. E., *Longa noite de pedra*, Sada, Edicións do Castro, 1985.

\_\_\_\_\_, "Introducción" en Ferreiro, C.E., *Onde o mundo se chama Celanova*, Vigo, Xerais, 1991.

Fonte, R., "Introducción" en Ferreiro, C. E., *O soño sulagado*, Vigo, Xerais, 1991.

Navaza, G., "Introducción" en Ferreiro, C.E., *Longa noite de pedra*, Vigo, Xerais, 1990.

Nicolás, R., *O soño sulagado de Celso Emilio Ferreiro*, Vilaboa, Do Cumio, 1992.

\_\_\_\_\_, "Limiar" en *Celso Emilio Ferreiro. Poesía galega completa*, Vigo, Xerais, 2004.

Oreiro, X., *Celso Emilio Ferreiro (O home e a obra)*, Vigo, Do Cumio, 1995.

Villar, M., *Unha lectura de... O soño sulagado, de Celso Emilio Ferreiro*, Vigo, Xerais, 1998.

VV. AA., *Celso Emilio*, Santiago, Fundación Celso Emilio Ferreiro, 1989.

VV. AA., *Boletín Galego de Literatura. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro*, nº1, Santiago, Universidade de Santiago, 1989.

VV. AA., *Celso Emilio Ferreiro: común temos a pátria*, Vigo, A Nosa Terra, 1989.

VV.AA., *Celso Emilio (1912-1979). Unha fotobiografía*. Vigo, Xerais, 1989.